



# CII OPEN AUTONÓMICO DE BILLAR A TRES BANDAS CAMPIONATO GALEGO

Organizado polo Club BILLARISTAS ERRANTES  
do 3 ao 15 de Maio de 2021, baixo os auspicios da  
XUNTA DE GALICIA a FEDERACIÓN GALEGA DE BILLAR e a  
colaboración da DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

## ENTIDADES COLABORADORAS

### DISPOSICIÓN CIRCUNSTANCIAS

<b>Data de apertura:</b>	Dependendo do número de Participantes, poderá adiantarse algún día o inicio do torneo
<b>Local:</b>	<b>Club Billaristas Errantes</b> Avda. Camelias, 46 - Sótano 36211 - VIGO
<b>Instrumentos de xogo:</b>	Mesas: 2 Sam Master Bandas: Kleber Panos: Royal Pro Bolas: Super Aramith Pro Cup
<b>Mecanismo da proba:</b>	Segundo o Regulamento da F.G.B. <b>Os partidos disputaranse a:</b> <b>40 Carambolas co límite de 50 Entradas</b> Os partidos de roldas previas xogaranse nos seguintes horarios: - 17:00 e 19:30 horas. - Oitavos de final: xoves día 13 e venres día 14 en horarios de 17:00 e 19:30 horas. - Cuartos de final: sábado día 15 en horario de 10:00 e 12:30 horas. - Semifinais: sábado día 15 ás 16:30 horas - Final: sábado día 15 ás 19:00 horas.  DEBIDO ÁS RESTRICCIÓNS POR COVID-19, NON ESTARÁ PERMITIDA A ENTRADA Á SALA SEN QUE ANTES SE DESALOXARA DO TURNO PREVIO E SE VENTILE.  NON ESTARÁ PERMITIDA A ASISTENCIA DE PÚBLICO  <b>“SERA UTILIZADO O RELOXO DE TEMPO (40 segundos) EN TODAS AS PARTIDAS”.</b> <i>(Será obrigatorio solicitar ao árbitro, por parte do xogador, calquera dos tres tempos dos que dispón).</i> <i>O control do tempo e acta se fará mediante sistema informático.</i>

<b>Inscricións:</b>	Aberto a todos os Xogadores da Comunidade Autónoma Galega, <b>con Licenza Federativa en vigor.</b>
<b>Cota de Inscripción:</b>	<b>30,00 € (Trinta euros)</b> importe que deberá ser ingresado na conta corrente número: ES15-2080-0551-6230-4000-3630, aberta a nome da <b>Federación Galega de Billar</b> en ABANCA. No comprobante DEBERÁ constar o nome do xogador ao que corresponde, e envíalo mediante FAX ao número (986.290.666) da Federación Galega de Billar.
<b>Indemnizacións:</b>	Por partido gañado en <b>Fase Previa:</b> <b>Segundo táboa + 10,00 €</b> Por partido gañado en <b>Fase Final:</b> <b>Segundo táboa + 10,00 €</b>
<b>Trofeos:</b>	Aos <b>OITO</b> primeiros clasificados. Os trofeos e as indemnizacións aos catro primeiros clasificados entregaranse unha vez remate o partido final do torneo. En ningún caso serán entregados por delegación, e se o xogador ao que lle corresponda non se atopa presente no momento da entrega de trofeos, tanto o trofeo como a indemnización quedarán a beneficio da organización, sen que teña dereito a reclamación algunha ( artigo 20 do Regulamento Interno e Deportivo da Federación Galega de Billar). Os Xogadores de fóra da provincia que queden clasificados do 5º ao 8º posto, poderán recollelo por delegación (Artigo 19,2 do citado regulamento)
<b>Peche da Inscripción</b>	<b>22 de Abril de 2021</b> , ás 20:00 horas.
<b>Peche definitivo:</b>	O día 23 á Federación Galega, comunicará ós Clubs, por teléfono ou email, a relación de xogadores inscritos na proba polo Club, concedéndolle un prazo que finalizará ás vinte horas do día 24, para rectificacións.  <b>Non se inscribirá a ningún xogador que previamente non teña abonada á seu inscrición.</b>
<b>Dirixentes Deportivos:</b>	<b>Samuel García Ballesteros</b> Tel: 605.697.765 <b>Gustavo Varela Vila (Sup.)</b> Tel: 690 05 85 21 <b>Jorge A. Montero Barberena (Sup.)</b> Tel. 647 82 18 71
<b>Uniformidade:</b>	* Polo, sen petos, dun ou varias cores admitíndose variabilidade de deseño (liñas, ribetes, patróns xeométricos ou outros deseños) en calquera parte da devandita peza, sempre baixo a consideración de que devanditos deseños non inclúan mensaxes que conteñan, inciten ou promovan ningún tipo de mensaxe de índole político, ideolóxico, sexual, racista, de discriminación por xénero, humorístico e/ou discriminatorio de acordo coa lexislación española vixente. Tamén é posible inserir publicidade no polo en calquera parte do mesmo sempre que se respecten segundo o punto 5 (regulamento sobre participación-regulas de organización) os espazos habilitados para o escudo dos clubs, federacións nacionais ou territoriais en cada caso, así como o espazo reservado para os organizadores do campionato e os seus patrocinadores. <b>(Máis no Artigo 8 do Regulamento interno e deportivo da Federación Galega)</b> * <b>Zapatos de vestir, calcetíns, pantalóns e cinto negros (exclúense pantalóns vaqueiros, chineses e similares).</b> * Escudo do Club ou da Federación (si lle corresponde).

<b>Calendario de Xogo:</b>	Notificaráse a todos os Clubs, unha vez confeccionada a lista dos participantes.
<b><u>AVISO</u></b>	<i>A organización non admitirá variación algunha nas normas de uniformidade. Nin inscricións fóra do prazo establecido.</i>
<b>Dereitos de imaxe:</b>	<i>Á inscrición ao presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.</i>

*Todos os eventos do Calendario da FGB son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGB, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, resètando o dereito fundamental ao honor, á intimidade porsoal e familiar e á propia imaxe.*

*No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo **DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición.** Aínda así, no caso de que estea no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o **artigo 8-c** da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.*

*Atendendo ao Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos pode exercer os seus dereitos nesta materia dirixíndose por escrito, acompañado de copia de documento oficial que o identifique, as nosas dependencias en C/ Fotógrafo Luis Ksado nº 17, 1º planta, oficina 6, 36.209, Vigo (Pontevedra).*

**Aloxamento recomendado:** **HOSTAL "LA COLEGIATA"**  
**Plaza de la Iglesia 3, 36202 Vigo**  
**Teléfono: 986 22 01 29**

**XUNTA DE GALICIA**  
xunta.gal

**DEPORTE GALEGO**

**NON**

Fronte á violencia de xénero só cabe unha resposta. Sen ningún xénero de dúbida.

**XUNTA DE GALICIA**  
xunta.gal

**DEPORTE GALEGO**

g Galicia